

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

C.P.I. De COVA TERREÑA – BAIONA

Curso 2022/23

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización	3
2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave	6
3. Obxectivos	27
4. Temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe	29
5. Metodoloxía	49
6. Materiais e recursos didácticos	49
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	51
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docentes	56
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas	58
10. Deseño da avaliación inicial	59
11. Concreción e Desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro	59
12. Medidas de atención á diversidade	62
13. Elementos transversais	63
14. Actividades complementarias e extraescolares	64
15. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación da propia programación	66
16. Propostas de mellora recollidas na memoria final do curso 2018/2019	66
17. Anexo	67

1. Introducción e contextualización

1.1. *Introdución*

O presente documento recolle a Programación do Departamento de Tecnoloxía soamente das **materias dos cursos pares** que seguen como marco legal a [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), o [Real Decreto 1105/2014](#), do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, o [Decreto 86/2015](#), do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a [ORDE do 20 de maio de 2022](#) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela. Ademais, a forte influencia e carácter industrial da cidade de Vigo, así coma a gran oferta formativa de graos e ciclos do ámbito científico tecnolóxico na cidade e arredores, aumenta o valor desta materia para o alumnado do centro.

As materias impartidas por este departamento ofrecen, sen dúbida, un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e tecnolóxico e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coa participación cidadá e co desenvolvemento persoal.

1.2. *Contextualización*

Baiona é unha vila costeira situada no suroeste da costa atlántica de Galicia, na provincia de Pontevedra, pertencente a área metropolitana de Vigo. Conta cunha poboación total de uns 12.134 habitantes (IGE, 2018) distribuídos nunha superficie de 34,5 km² conformada por cinco parroquias: Baiona (Santa María), Baíña (Santa Mariña), Baredo (Santa María), Belesar (San Lourenzo) e Santa Cristina (Santa Cristina da Ramallosa).

O alumnado posúe características socioculturais e socioeconómicas diferentes. A maioría das familias sitúanse nun rango medio-baixo no tocante aos parámetros socioeconómicos e culturais. Curiosamente a actividade económica non responde ao esquema habitual de zona costeira, pois unha alta porcentaxe da poboación activa relaciónase co sector terciario e secundario. Baiona é unha vila de marcado carácter turístico e o sector servizos ten unha importancia elevada. Non existe practicamente tecido industrial en Baiona, debido á proximidade doutros focos industriais como os de Nigrán, Gondomar, Vigo e Porriño, sen embargo, a proximidade destes grandes focos industriais, aumenta a oferta tecnolóxica da zona. A súa preta localización á cidade de Vigo, fai

que moita xente da vila se desprace a cidade a traballar.

Entre as **características do alumnado** se detalla que a lingua materna predominante é o castelán, aínda que hai unha pequena parte do alumnado que emprega habitualmente o galego, especialmente alumnado proveniente de Belesar e algúns da vila empregan habitualmente o galego. Unha porcentaxe pequena do alumnado do centro ten adaptación curricular. Por último, até agora, non se detectaron graves problemas de conduta nin afectivos que sexan susceptibles de mención neste documento.

O centro educativo: o CPI de Cova Terreña é un centro público integrado dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, situado cerca do casco urbano de Baiona, no que se imparten tres etapas educativas: educación infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. O edificio de Educación Infantil atópase diferenciado respecto ao principal. Aínda que compartindo recinto, Primaria e Secundaria posúen horarios diferentes. Ten **adscrito** ademais das unidades de Educación Primaria do propio Centro as do CEIP de Belesar no rural do Concello. O centro acolle algo menos de 445 alumnos/as en total, dos cales ao redor de **186** son alumnado de secundaria. O claustro está composto por **47 docentes** das distintas etapas, sendo **22** deles profesorado en ESO.

No referente aos **espazos**, o CPI pertence a rede de centros ABALAR, por iso conta cunha dotación moi completa de equipos informáticos. Todo o alumnado dende 5ºEP ata 4ºESO contará con ordenador portátil propio con acceso á wifi do centro. Cóntase tamén con equipos portátiles de dotacións de anos anteriores que serán desfrutados polo resto do alumnado.

1.3. **Composición e organización do departamento**

Este departamento organiza a carga lectiva relativa as materias seguintes: nos cursos pares seguindo a lei anterior inclúe as materias de Tecnoloxía de 2º e 4º da ESO e Programación de 2º ESO; nos cursos impares seguindo a LOMLOE inclúe as materias de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º ESO e Dixitalización de 2º ESO. A materia de TIC de 4º ESO non será impartida este curso. Programación, Tecnoloxía de 4º e Dixitalización son materias de carácter optativo. A maiores asúmese a docencia da materia de Proxecto competencial de 1º ESO para un dos grupos.

Esta programación soamente conta coas materias do curso par guiadas pola [Lei Orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE). A continuación preséntase unha táboa co número de alumnado matriculados en cada materia.

Táboa 1.1 Relación do alumnado matriculado nas diferentes materias do Departamento de Tecnoloxía.

	Grupo A	Grupo B	Grupo C	Total alumnos/as
Tecnoloxía 2º ESO	24/28	24/28		48
Tecnoloxía 4º ESO	13/17	11/17		24
Programación 2º ESO	3/28	3/28		6

Para este curso 2022/2023, o departamento de Tecnoloxía queda constituído polos seguintes membros:

- **Dª Mª Isabel Martínez Cabaleiro**, directora do centro.
- **Dª Jessica Ingrid Piñeiro Di Blasi**, que exercerá a xefatura do departamento.

O reparto da carga lectiva das materias dos cursos pares tal e como figura nas actas do libro do departamento, establécese tal como indica a seguinte táboa.

Táboa 1.2. Reparto de materias no Departamento de Tecnoloxía

Nivel	Materia	Horas semanais	Isabel Martínez Cabaleiro	Jessica Piñeiro Di Blasi
2º ESO	Tecnoloxía	3		2 Grupos A, B
4º ESO	Tecnoloxía	3		1 Grupo A+B
2º ESO	Programación	1	1 Grupo A+B	

2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria y do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece as seguintes competencias clave do currículo:

- ✓ **Comunicación Lingüística (CCL):** Realízase a través da adquisición de vocabulario específico técnico, necesario nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información. A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos técnicos contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de textos e as súas estruturas formais. Cabe destacar a adquisición de destrezas con linguaxes específicas, como o icónico ou gráfico.
- ✓ **Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT):** O uso instrumental de ferramentas matemáticas contribúe a configurar axeitadamente parte desta competencia a través de situacións aplicables a diversos campos tecnolóxicos, facilitando a visibilidade da aplicación matemática e a capacidade de relación entre os diferentes contidos matemáticos, mellorando o mesmo tempo a confianza no uso destas ferramentas. Esta competencia pode alcanzarse a través do cálculo de magnitudes e parámetros, e aplicando técnicas de medición e análise en problemas de índole tecnolóxica, así como valoración das repercusións ambientais.
- ✓ **Competencia Dixital (CD):** Desenvolvemento asociado ao uso das TIC para recibir, buscar, transmitir e compartir información, así como o uso de diversas aplicacións asociadas aos contidos traballados, mellorando as destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías. Competencia claramente principal en materias como Tecnoloxía da Información e a Comunicación, e de forte carga nas restantes de este departamento.
- ✓ **Competencia Aprender a Aprender (CAA):** Desenvolvemento de estratexias de resolución de problemas tecnolóxicos, capacidade de autoxestión e organización mediante a obtención, análise e selección de información útil para abordar un proxecto e aprender de forma autónoma.
- ✓ **Competencias Sociais e Cívicas (CSC):** Supón a adquisición de habilidades persoais e sociais para relacionarse dende o respecto mutuo, contribuír a convivencia democrática e

garantir os dereitos e deberes de todos. Traballarase esta competencia mediante o traballo elaborado en clase a partir de traballos de expresión individuais e grupais onde será necesario a formulación de ideas razoadas, escoitar os demais, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións practicando o diálogo, a negociación, e adoptando actitudes de respecto e tolerancia cara os seus compañeiros/as.

- ✓ **Competencia do Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE):** Contribución a partir do fomento do espírito crítico das novas tecnoloxías e temas tan importantes do día a día como a enerxía, a contaminación e o coidado do medio ambiente. Trátase de adquirir habilidades de liderazgo e capacidade de traballo en grupo para poder resolver diferentes problemas.
- ✓ **Competencia en Conciencia e expresións Culturais (CCEC):** Contribución á sensibilidade ambiental e a sustentabilidade do mundo tecnolóxico baixo un crecemento controlado, a través do coñecemento dos riscos ambientais que conleva fomentando actitudes responsables de consumo racional, así como a concienciación da influencia dos fitos tecnolóxicos históricos nas distintas culturas e o seu desenvolvemento e progreso.

A contribución da materia ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, tal e como se recolle nas seguintes táboas que presentan a relación entre contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, obxectivos e competencias clave, tal como indica o currículo da materia.

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos				
a b f g h l	B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas. B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.	B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización.	TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
a b c d e f g h m o	B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas. B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo. B1.5. Documentación técnica. Normalización.	B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente.	TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	CCL CMCCT CD CAA CMCCT CAA CSIEE CAA CSC CSIEE
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				
b f n	B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización.	B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas.	TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	CMCCT CAA
b e f n	B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos.	B2.2. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	CMCCT CAA
b e f	B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de	B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa	TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de	CCL CMCCT

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
h o	deseño asistido por computador e de simulación.	comercialización.	apoio.	CD CAA
Bloque 3. Materiais de uso técnico				
b f h o	B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	CCL CMCCT
	B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.		TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	CMCCT CAA
b e f g m	B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller.	B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	CMCCT CAA CSC
	B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller.		TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	CMCCT CAA CSC CSIEE
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos				
b f h o	B4.1. Estruturas: elementos, tipos e funcións.	B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos.	TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	CCL CMCCT CD
	B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas.		TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	CMCCT CAA
b f g h o	B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas.	B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos.	TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	CCL CMCCT
	B4.4. Relación de transmisión.		TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engraxes.	CMCCT
	B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos.		TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto	CCL CMCCT

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. Clave
			de vista estrutural e mecánico.	
			TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos	CMCCT CD
			TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	CMCCT CAA CSIEE
b e f g	B4.6. Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía.	B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.	TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	CMCCT CAA CSIEE
			TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	CMCCT CD CAA CSIEE
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación				
f	B5.1. Elementos dun equipamento informático.	B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	CMCCT CD
b e f g h o	B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación.	B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.	TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	CMCCT CD
			TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	CMCCT CD
			TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	CCL CMCCT CD CAA CSIEE
b e f g n	B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estrutura e elementos básicos dun programa informático.	B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	CMCCT CD CAA CSIEE CCEC

Tecnoloxía. 4º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación				
e h o	B1.1. Elementos e dispositivos de comunicación con fíos e sen eles. B1.2. Tipoloxía de redes.	B1.1. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	CCL CMCCT CD
			TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	CCL CMCCT CD
b e f h o	B1.3. Publicación e intercambio de información en medios dixitais.	B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.	CD CAA CSIEE
			TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	CD CSC
b e f	B1.4. Conceptos básicos e introdución ás linguaxes de programación.	B1.3. Elaborar programas informáticos sinxelos.	TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.	CMCCT CAA CSIEE CD
b e f	B1.5. Uso de computadores e outros sistemas de intercambio de información.	B1.4. Utilizar equipamentos informáticos.	TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.	CMCCT CD CAA
Bloque 2. Instalacións en vivendas				
f g	B2.1. Instalacións características: eléctrica, de auga sanitaria e de saneamento. B2.2. Outras instalacións: calefacción, gas, aire acondicionado e domótica.	B2.1. Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización.	TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	CMCCT CAA
			TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	CCL CMCCT

Tecnoloxía. 4º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
b e f g	B2.3. Normativa, simboloxía, análise e montaxe de instalacións básicas. B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática.	B2.2. Realizar deseños sinxelos empregando a simboloxía axeitada.	TEB2.2.1. Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	CMCCT CAA
			TEB2.2.2. Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	CMCC CD CSC CSIEE
b g f m	B2.3. Normativa, simboloxía, análise e montaxe de instalacións básicas. B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática.	B2.3. Experimentar coa montaxe de circuitos básicos e valorar as condicións que contribúen ao aforro enerxético.	TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.	CMCCT CAA CSIEE
a g h m	B2.4. Aforro enerxético nunha vivenda. Arquitectura bioclimática.	B2.4. Avaliar a contribución da arquitectura da vivenda, das súas instalacións e dos hábitos de consumo ao aforro enerxético.	TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	CAA CSC CSIEE
Bloque 3. Electrónica				
f g h o	B3.1. Electrónica analóxica. B3.2. Compoñentes básicos. B3.3. Simboloxía e análise de circuitos elementais.	B3.1. Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuito electrónico e os seus compoñentes elementais.	TEB3.1.1. Describe o funcionamento dun circuito electrónico formado por compoñentes elementais.	CCL CMCCT
			TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	CCL CMCCT
e f	B3.3. Simboloxía e análise de circuitos elementais. B3.4. Uso de simuladores para analizar o comportamento dos circuitos electrónicos.	B3.2. Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada.	TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuitos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	CD CMCCT CAA CSIEE
b f g	B3.5. Montaxe de circuitos sinxelos.	B3.3. Experimentar coa montaxe de circuitos elementais e aplícalos no proceso tecnolóxico.	TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuitos electrónicos básicos deseñados previamente.	CMCCT

Tecnoloxía. 4º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
f g	B3.6. Electrónica dixital. B3.7. Aplicación da álgebra de Boole a problemas tecnolóxicos básicos.	B3.4. Realizar operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole na resolución de problemas tecnolóxicos sinxelos.	TEB3.4.1. Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	CMCCT
			TEB3.4.2. Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.	CMCCT CSIEE CAA
f g	B3.8. Portas lóxicas.	B3.5. Resolver mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	CMCCT CSIEE CAA
Bloque 4. Control e robótica				
f g	B4.1. Sistemas automáticos; compoñentes característicos de dispositivos de control.	B4.1. Analizar sistemas automáticos e describir os seus compoñentes	TEB4.1.1. Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	CCL CMCCT
			TEB4.1.2. Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	CMCCT CAA
f g	B4.2. Deseño e construción de robots. B4.3. Graos de liberdade. B4.4. Características técnicas.	B4.2. Montar automatismos sinxelos.	TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.	CMCCT CAA
e g	B4.5. O computador como elemento de programación e control. B4.6. Linguaxes básicas de programación. B4.7. Aplicación de tarxetas controladoras na experimentación con prototipos deseñados.	B4.3. Desenvolver un programa para controlar un sistema automático ou un robot e o seu funcionamento de forma autónoma.	TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.	CMCCT CD CAA CSIEE
Bloque 5. Neumática e hidráulica				
f h o	B5.1. Análise de sistemas hidráulicos e pneumáticos. B5.2. Compoñentes.	B5.1. Coñecer as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	CCL CMCCT
f h	B5.3. Principios físicos de funcionamento.	B5.2. Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.	CCL CMCCT

Tecnoloxía. 4º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
o				
f	B5.4. Simboloxía.	B5.3. Coñecer e manexar con soltura a simboloxía necesaria para representar circuitos.	TEB5.3.1. Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico.	CMCCT CAA CSIEE
e g	B5.5. Uso de simuladores no deseño de circuitos básicos. B5.6. Aplicación en sistemas industriais.	B5.4. Experimentar con dispositivos pneumáticos ou simuladores informáticos.	TEB5.4.1. Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.	CMCCT CD CAA CSIEE
Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade				
g m	B6.1. O desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia.	B6.1. Coñecer a evolución tecnolóxica ao longo da historia.	TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.	CMCCT CAA CCEC CSC
l n	B6.2. Análise da evolución de obxectos técnicos e tecnolóxicos. Importancia da normalización nos produtos industriais.	B6.2. Analizar obxectos técnicos e tecnolóxicos mediante a análise de obxectos.	TEB6.2.1. Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	CMCCT CAA CSC CCEC
a f l n	B6.3. Aproveitamento de materias primas e recursos naturais. B6.4. Adquisición de hábitos que potencien o desenvolvemento sustentable.	B6.3. Valorar a repercusión da tecnoloxía no día a día.	TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven. TEB6.3.2. Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	CCL CMCCT CSC CCEC CCL CMCCT CD CAA CSC CCEC

Programación. 1º e 2º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
Bloque 1. Diagramas de fluxo				
b d g i l	B1.1. Diagramas de fluxo: elementos, símbolos e o seu significado; ferramentas.	B1.1. Representar algoritmos mediante diagramas de fluxo.	PROB1.1.1. Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos.	CMCCT CD CAA CSIEE
b d g i l	B1.2. O termo "algoritmo". Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo. B1.3. Técnicas de resolución de problemas.	B1.2. Resolver problemas sinxelos utilizando algoritmos.	PROB1.2.1. Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven.	CMCCT CD CSIEE
			PROB1.2.2. Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións.	CMCCT CD
b d g i l	B1.4. Elementos dun programa informático: estruturas e bloques fundamentais. B1.5. Estruturas de control: secuenciais, condicionais e iterativas. B1.6. Programación estruturada: procedementos e funcións.	B1.3. Analizar a estrutura dun programa informático, identificando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada e a súa función.	PROB1.3.1. Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos.	CMCCT CD
Bloque 2. Programación por bloques				
b d g i l	B2.1. Elementos da sintaxe da linguaxe. B2.2. Elementos do contorno de traballo. B2.3. Deseño de algoritmos utilizando ferramentas informáticas.	B2.1. Empregar as construcións básicas dunha linguaxe de programación por bloques para resolver problemas.	PROB2.1.1. Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe.	CCL CMCCT CD
			PROB2.1.2. Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación.	CMCCT CD
			PROB2.1.3. Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos.	CMCCT CD CAA CSIEE

Programación. 1º e 2º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
b d g i l	B2.4. Instrucións básicas: movemento, aparencia, sons e debuxo.	B2.2. Resolver problemas sinxelos nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións básicas.	PROB2.2.1. Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas.	CMCCT CD CAA CSIEE
b d g i l	B2.5. Instrucións de control de execución: condicionais e bucles B2.6. Operadores aritméticos e lóxicos.	B2.3. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando instrucións iterativas.	PROB2.3.1. Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas.	CMCCT CD CAA CSIEE
			PROB2.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.	CMCCT CD CSIEE
b d g i l	B2.7. Estructuras de almacenamento de datos. Variables e listas.	B2.4. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando variables e estruturas de datos.	PROB2.4.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.	CCL CMCCT CD
			PROB2.4.2. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento.	CMCCT CD CAA CSIEE
b d g i l	B2.8. Instrucións de manexo de controis, sensores e eventos.	B2.5. Resolver problemas nunha linguaxe de programación por bloques empregando controis, eventos e fíos.	PROB2.5.1. Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores e fíos.	CMCCT CD CAA CSIEE
b d g i l	B2.9. Execución. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba. B2.10. Depuración e documentación de programas.	B2.6. Verificar o funcionamento dos programas para depuralos ou para optimizar o seu funcionamento.	PROB2.6.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.	CMCCT CD
			PROB2.6.2. Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.	CMCCT CD

Programación. 1º e 2º de ESO				
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
Bloque 3. Programación web				
a b d e f g i l n	B3.1. Linguaxes de marcas para a creación de documentos web.HTML. B3.2. Accesibilidade e usabilidade en internet.	B3.1. Empregar os elementos das linguaxes de marcas para crear contidos accesibles.	PROB3.1.1. Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas.	CCL CMCCT CD CSC CCEC
			PROB3.1.2. Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas.	CCL CMCCT CD
			PROB3.1.3. Deseña páxinas web sinxelas e accesibles.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
a b d e f g i l n	B3.3. Ferramentas de creación de contidos da web 2.0.	B3.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, gráfica e multimedia.	PROB3.2.1. Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de páxinas web e contidos 2.0.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC

3. Obxectivos

As materias impartidas contribuirán a acadar os obxectivos marcados nas táboas do apartado anterior, as cales aparecen aquí descritas:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. Temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

Neste apartado preséntase unha serie de táboas onde, para cada materia, relaciónase cada un dos estándares mínimos de aprendizaxe coa súa temporización segundo a avaliación na que será traballada, o grao mínimo de consecución así coma os procedementos e instrumentos de avaliación que serán utilizados.

O número de sesións semanais para cada materia preséntase na Táboa 1.3. e organízase nas diferentes avaliacións tal e como se indica nas táboas do apartado 4 desta programación.

Os procedementos de avaliación estarán relacionados con:

- A análise da produción do alumnado avaliados a partir da resolución de exercicios e problemas na aula ou na casa, prácticas de aula tanto de ordenador coma de taller, así como a produción de documentos que serán avaliados a través de rúbricas específicas.
- O resultado obtido en probas específicas que utilizarán como instrumento de avaliación principalmente as probas escritas que se realizarán ao finalizar cada unidade ou grupo de unidades.
- As actividades asociadas a intercambios de tipo oral, coma exposicións do alumnado, onde presente a súa montaxes, deseños, construcións ou investigacións realizadas.
- Observación sistemática realizada na aula, que utilizará coma instrumento o diario de aula.

No anexo desta programación pódese consultar as táboas que resumen o perfil competencial de cada materia, onde se pode observar a gran contribución destas materias principalmente á Competencia Dixital e a Competencia Matemática e Ciencia e Tecnoloxía.

Trala aprobación do Plan Lingüístico de Centro elaborado e aprobado no curso 2018-2019, engádesse un novo estándar de aprendizaxe para cada materia en relación referido a corrección lingüística en calquera produción textual do alumnado, xa ben sexa exame, control, texto escrito, exposición, actividade, traballos de aula, etc., que será avaliado ao longo de todo o curso a través do diario de clase, e no que se valorará os seguintes parámetros:

- Respecto pola ortografía: erros na escritura de letras, acentuación gráfica ou mal emprego dos signos de puntuación.
- Corrección léxica e gramatical: vocabulario axeitado, evitar repeticións, concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual.
- Presentación dos traballos escritos: caligrafía, pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos ou borranchóns.

4.1. **Tecnoloxía 2º de ESO**

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
BLOQUE 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos					
2º-TEB1.1.1 - Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. Peso: 6%	***Deseña un prototipo co obxectivo de dar solución a un problema técnico sinxelo ou cotiá, aplicando as diferentes fases que compoñen o proceso tecnolóxico.	X			P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB1.2.1 - Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. Peso: 3%	Elabora os documentos básicos necesarios para a planificación da construción dun prototipo sinxelo.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Traballo de aplicación e síntese.
2º-TEB1.2.2 - Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. Peso: 3%	Constrúe, con axuda, un prototipo que podería dar solución a un problema técnico sinxelo.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Traballo de aplicación e síntese.
2º-TEB1.2.3 - Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso. Peso: 3%	Traballa habitualmente unha actitude de respecto e colaboración cos seus compañeiros/as.	X			P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
BLOQUE 2. Expresión e comunicación gráfica					
2º-TEB2.1.1 - Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala. Peso: 3%	Identifica a correcta acotación de pezas sinxelas. Identifica os diferentes tipos de escalas e resolve problemas sinxelos da vida cotiá. Representa as tres vistas principais dun obxecto ou peza utilizando a súa perspectiva isométrica e cabaleira mediante esbozos.	X			P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB2.2.1 - Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. Peso: 5%	***Interpreta esbozos e bosquexos de produtos tecnolóxicos sinxelos.	X			P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB2.3.1 - Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio. Peso: 3%	Realiza un orzamento sinxelo nunha folia de cálculo e elabora os documentos básicos de representación dun prototipo cun procesador de texto. Representa pezas sinxelas a partir das súas vistas mediante software específico.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Portfolio.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
BLOQUE 3. Materiais de uso técnico					
2º-TEB3.1.1 - Describe as características propias dos materiais de uso técnico. Peso: 3%	Describe as propiedades máis importantes dos materiais.		X		P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB3.1.2 - Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás. Peso: 6%	***Identifica os principais materiais cos que están fabricados obxectos técnicos cotiás.		X		P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB3.2.1 - Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico. Peso: 3%	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas básicas de traballo no taller.		X		P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
2º-TEB3.2.2 - Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde. Peso: 3%	Elabora un plan básico de traballo no taller tendo en conta as normas fundamentais de seguridade e saúde.		X		P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
BLOQUE 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos					
2º-TEB4.1.1 - Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita. Peso: 3%	Describe as principais características dos diferentes tipos de estruturas.		X		P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB4.1.2 - Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura. Peso: 6%	***Identifica os esforzos característicos nunha estrutura sinxela.		X		P: Probas específicas. Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas. Traballo de aplicación e síntese.
2º-TEB4.2.1 - Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos. Peso: 5%	***Describe como é a transmisión e transformación do movemento en mecanismos de transmisión sinxelos.		X		P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB4.2.2 - Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes. Peso: 3%	Calcula relacións de transmisións simples en poleas e engrenaxes.		X		P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
2º-TEB4.2.3 - Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico. Peso: 6%	***Explica a función dos elementos que compoñen unha máquina ou sistema mecánico sinxelo.		X		P: Probas específicas. Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas. Traballo de aplicación e síntese.
2º-TEB4.2.4 - Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos. Peso: 3%	Simula e interpreta mediante software específico o funcionamento de sistemas mecánicos sinxelos na aula.		X		P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB4.2.5 - Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada. Peso: 3%	Deseña e fabrica un sistema mecánico sinxelo que acade unha multiplicación de forza. Calcula os parámetros que interveñen nun sistema mecánico sinxelo.		X		P: Análise das producións do alumnado. I: Traballo de aplicación e síntese.
2º-TEB4.3.1 - Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores. Peso: 6%	***Deseña circuítos eléctricos básicos, en serie e paralelo e realiza a montaxe no taller de prácticas guiadas. Calcula os parámetros elementais dun circuítto eléctrico sinxelo tanto en serie coma en paralelo.			X	P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.
2º-TEB4.3.2 - Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran. Peso: 3%	Deseña circuítos eléctricos básicos na aula mediante software específico de simulación. Diferencia e utiliza simboloxía adecuada.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
BLOQUE 5. Tecnoloxías da información e da comunicación					
2º-TEB5.1.1 - Identifica as partes dun computador. Peso: 3%	Identifica as partes fundamentais dun computador.			X	P: Cuestionarios. I: Cuestionario pechado.
2º-TEB5.2.1 - Manexa programas e software básicos. Peso: 6%	***Manexa de forma básica: o procesador de texto, unha folha de cálculo, un simulador de circuítos eléctricos e de sistemas mecánicos, programa específico de debuxo e de programación.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
2º-TEB5.2.2 - Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos. Peso: 6%	***Utiliza adecuadamente o ordenador asignado respectando as normas de manexo.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
2º-TEB5.2.3 - Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos. Peso: 3%	Utiliza un programa de ofimática para a elaboración dun proxecto técnico sinxelo e para a súa presentación na aula.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
2º-TEB5.3.1 - Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico. Peso: 3%	Realiza historias e videoxogos moi sinxelos con programación visual.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
Corrección lingüística					
Respecta a ORTOGRAFÍA, emprega a CORRECCIÓN LÉXICA e GRAMATICAL e PRESENTA traballos escritos atendendo as normas lingüísticas e de coidada presentación. Peso: +1%	Respecta a ortografía básica coma erros na escritura de letras, acentuación gráfica e emprego dos signos de puntuación. Emprega un vocabulario axeitado, con concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual. Presenta traballos escritos coidando a caligrafía, pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.

4.2. Tecnoloxía 4º de ESO

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
Bloque 1. Tecnoloxías da información e da comunicación					
4º-TEB1.1.1 - Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles. Peso: 2.4%	Describe de forma elemental os elementos e sistemas principais que interveñen nos sistemas de comunicación alámbrica (fibra óptica, cable coaxial e trenzado) e inalámbrica (antenas e satélites).	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB1.1.2 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. Peso: 2.4%	Describe de forma sinxela as diferentes formas de conexión que se pode dar na comunicación entre dispositivos.	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB1.2.1 - Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos. Peso: 2%	Localiza información a través de internet para realizar tarefas de investigación e recollida de datos. Intercambia información cos seus compañeiros e publica os seus traballos utilizando recursos web en liña.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
4º-TEB1.2.2 - Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco. Peso: 2%	Coñece as medidas de seguridade relativas á preservación de datos de carácter persoal e a relativa ao intercambio de información e navegación web.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
4º-TEB1.3.1 - Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación. Peso: 2%	Desenvolve un programa informático de baixa dificultade aplicando a linguaxe de programación.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
4º-TEB1.4.1 - Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos. Peso: 2%	Utiliza o ordenador con soltura para a busca de información, elaboración de documento técnicos, uso de simuladores ou outro tipo de software específico.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
Bloque 2. Instalacións en vivendas					
4º-TEB2.1.1 - Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda. Peso: 2.4%	Diferencia as instalacións básicas que poden atoparse nunha vivenda tipo.	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
4º-TEB2.1.2 - Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda. Peso: 6%	***Describe os elementos principais que compoñen as diferentes instalacións existentes nunha vivenda, indicando o seu uso e funcionamento básico.	X			P: Probas específicas. Análise das producións do alumnado. I: Proba obxectiva. Traballo de aplicación e síntese.
4º-TEB2.2.1 - Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas. Peso: 6%	***Interpreta esquemas sinxelos que presenten simboloxía elemental das diferentes instalacións dunha vivenda. Manexa a simboloxía adecuada para cada caso na resolución de prácticas ou exercicios de carácter elemental.	X			P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.
4º-TEB2.2.2 - Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética. Peso: 2.4%	Deseña de forma guiada e mediante software unha instalación tipo para unha vivenda aplicando os criterios de eficiencia enerxética.	X			P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.
4º-TEB2.3.1 - Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento. Peso: 2.4%	Realiza montaxes sinxelos replicando instalacións básicas nunha vivenda (como un circuito interruptor-bombilla), analizando o seu funcionamento.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Prototipo.
4º-TEB2.4.1 - Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda. Peso: 2.4%	Propón diferentes medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda atendendo ás diferentes instalacións que se atopan nunha vivenda.	X			P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
Bloque 3. Electrónica					
4º-TEB3.1.1 - Describe o funcionamento dun circuito electrónico formado por compoñentes elementais. Peso: 6%	***Describe de forma básica pero clara o funcionamento dun circuito electrónico formado por compoñentes elementais.		X		P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB3.1.2 - Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor. Peso: 2.4%	Explica as características básicas e o funcionamento de compoñentes electrónicos básicos como resistencia, condensador, diodo e transistor.		X		P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB3.2.1 - Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuitos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada. Peso: 2.4%	Deseña e analiza circuitos de electrónica analóxica básica mediante simuladores seguindo prácticas guiadas. Utiliza simboloxía adecuada.		X		P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
4º-TEB3.3.1 - Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente. Peso: 2.4%	Realiza a montaxe de circuitos electrónicos básicos mediante prácticas guiadas.		X		P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
4º-TEB3.4.1 - Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole. Peso: 2.4%	Realiza operacións lóxicas de nivel básico apliando a álgebra de Boole. Obtén as funcións canónicas, elabora a táboa da verdades e simplifica as función aplicando Carnaught.		X		P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB3.4.2 - Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos. Peso: 2.4%	Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos reais de baixa dificultade		X		P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB3.5.1 - Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos. Peso: 6%	***Resolve problemas tecnolóxicos sinxelos mediante o uso de portas lóxicas elementais sen necesidade obter a función mais optimizada.		X		P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.
Bloque 4. Control e robótica					
4º-TEB4.1.1 - Describe os compoñentes dos sistemas automáticos. Peso: 2.4%	Describe os compoñentes principais que compoñen un sistema automático.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB4.1.2 - Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado. Peso: 6%	***Analiza o funcionamento de automatismos sinxelos en dispositivos técnicos habituais. Diferencia entre dispositivos que utilizan sistemas de lazo aberto e lazo pechado.			X	P: Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas.
4º-TEB4.2.1 - Representa e monta automatismos sinxelos. Peso: 2.4%	Representa automatismos sinxelos mediante diagramas de fluxo. Realiza a montaxe de automatismos de baixa complexidade.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Traballo de aplicación e síntese.
4º-TEB4.3.1 - Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno. Peso: 6%	***Desenvolve un programa de control automáticos sinxelo a partir de sensores mediante simulador ou robot.			X	P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
Bloque 5. Pneumática e hidráulica					
4º-TEB5.1.1 - Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática. Peso: 2.4%	Describe de forma sinxela as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática en sistemas habituais.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB5.2.1 - Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas. Peso: 6%	***Identifica o tipos de sistema utilizado en hidráulico ou pneumático utilizado en diferentes aplicacións. Describe o seu funcionamento e os elementos que o compoñen.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB5.3.1 - Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuitos que resolvan un problema tecnolóxico. Peso: 6%	***Emprega simboloxía adecuada en relación a sistemas hidráulicos e pneumáticos. Representa circuitos que resolvan problemas de carácter simple aplicando a simboloxía adecuada.			X	P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.
4º-TEB5.4.1 - Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación. Peso: 2.4%	Realiza montaxes de circuitos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compñentes mediante simulación na aula a partir de prácticas guiadas.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
Bloque 6. Tecnoloxía e sociedade					
4º-TEB6.1.1 - Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade. Peso: 2%	Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
4º-TEB6.2.1 - Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica. Peso: 2%	Analiza obxectos técnicos atendendo a relación co contorno, interpretando a súa función histórica e investigando a súa evolución ao longo do tempo.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
4º-TEB6.3.1 - Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven. Peso: 2%	Elabora xuízos de valor do desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos facendo fincapé na súa incidencia medioambiental.			X	P: Probas específicas. Análise das producións do alumnado. I: Proba obxectiva. Traballo de aplicación e síntese.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
4º-TEB6.3.2 - Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital. Peso: 2%	Interpreta de forma básica as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.			X	P: Probas específicas. I: Proba obxectiva.
Corrección lingüística					
Respecta a ORTOGRAFÍA, emprega a CORRECCIÓN LÉXICA e GRAMATICAL e PRESENTA traballos escritos atendendo as normas lingüísticas e de coidada presentación. Peso: +1%	Respecta a ortografía básica coma erros na escritura de letras, acentuación gráfica e emprego dos signos de puntuación. Emprega un vocabulario axeitado, con concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual. Presenta traballos escritos coidando a caligrafía, pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.

4.3. Programación 2º de ESO

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
Bloque 1. Diagramas de fluxo					
2º-ROB1.1.1 - Elabora diagramas de fluxo para deseñar e representar algoritmos. Peso: 10%	***Elabora diagramas de fluxo que representan algoritmos sinxelos.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-ROB1.2.1 - Analiza problemas para elaborar algoritmos que os resolven. Peso: 3.57%	Analiza problemas sinxelos na procura dun algoritmo que os resolva.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-ROB1.2.2 - Obtén o resultado de seguir un algoritmo partindo de determinadas condicións. Peso: 3.57%	Obtén o resultado da aplicación de algoritmos partindo de condicións sinxelas.	X			P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.
2º-ROB1.3.1 - Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos. Peso: 3.57%	Identifica elementos característicos da linguaxe de programación en programas sinxelos coma as sentenzas secuencias, condicionais e iterativas.	X			P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.
Bloque 2. Programación por bloques					
2º-ROB2.1.1 - Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe. Peso: 10%	***Describe o comportamento dos elementos básicos da linguaxe diferenciando instrucións secuencias, condicionais e iterativas.	X			P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-ROB2.1.2 - Emprega correctamente os elementos do contorno de traballo de programación. Peso: 3.57%	Emprega correctamente o software de programación escollido.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.
2º-ROB2.1.3 - Implementa algoritmos sinxelos usando elementos gráficos e interrelacionados para resolver problemas concretos. Peso: 3.57%	Implementa algoritmos sinxelos empregando unha linguaxe de programación visual.	X	X		P: Análise das producións do alumnado. I: Xogos de simulación e dramáticos.

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
2º-ROB2.2.1 - Realiza programas sinxelos na linguaxe de programación empregando instrucións básicas. Peso: 10%	***Realiza programas sinxelos empregando as instrucións básicas secuenciais, condicionais e iterativas.		X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas. Xogos de simulación e dramáticos.
2º-ROB2.3.1 - Realiza programas de mediana complexidade na linguaxe de programación empregando instrucións condicionais e iterativas. Peso: 3.57%	Realiza programas de mediana complexidade, con axuda, empregando unha linguaxe de programación visual.		X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas. Xogos de simulación e dramáticos.
2º-ROB2.3.2 - Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas. Peso: 3.57%	Descompón problemas complexos en problemas máis sinxelos que poden ser resoltos coma elementos separados.	X	X		P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas. Xogos de simulación e dramáticos.
2º-ROB2.4.1 - Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características. Peso: 3.57%	Explica as estruturas de almacenamento empregadas na realización dun programa.		X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-ROB2.4.2 - Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando variables e estruturas de almacenamento. Peso: 10%	***Realiza programas, con axuda, empregando variables e estruturas de almacenamento.			X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas.
2º-ROB2.5.1 - Realiza programas de certa complexidade na linguaxe de programación empregando eventos, sensores e fíos. Peso: 3.57%	Realiza programas, con axuda, empregando eventos, sensores e fíos.		X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Xogos de simulación e dramáticos.
2º-ROB2.6.1 - Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. Peso: 3.57%	Obtén o resultado esperado dos programas analizados para comprobar a súa validez segundo as premisas dadas.	X	X		P: Análise das producións do alumnado. Probas específicas. I: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.
2º-ROB2.6.2 - Depura e optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración. Peso: 3.57%	Depura e optimiza, con axuda, o código dun programa para a súa mellora.		X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Resolución de exercicios e problemas. Xogos de simulación e dramáticos.
Bloque 3. Programación web					

Estándar de aprendizaxe Peso (%)	Grao mínimo de consecución Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN
					Procedementos / Instrumentos de av.
2º-ROB3.1.1 - Describe as características fundamentais e os comportamentos dos elementos das linguaxes de marcas. Peso: 3.57%	Describe as características dos elementos básicos da linguaxe de marcas.	X	X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Prototipo.
2º-ROB3.1.2 - Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas relacionadas coa accesibilidade e a usabilidade das páxinas. Peso: 3.57%	Identifica as propiedades dos elementos da linguaxe de marcas buscando a accesibilidade das páxinas.	X	X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Prototipo.
2º-ROB3.1.3 - Deseña páxinas web sinxelas e accesibles. Peso: 10%	***Deseña páxinas web sinxelas e accesibles de xeito autónomo.	X	X	X	P: Análise das producións do alumnado I: Prototipo.
2º-ROB3.2.1 - Elabora contidos utilizando as posibilidades que permiten as ferramentas de creación de páxinas web e contidos 2.0. Peso: 3.57%	Elabora contidos básicos interconectados entre eles e empregando CMS en liña.	X	X	X	P: Análise das producións do alumnado. I: Prototipo.
Corrección lingüística					
Respecta a ORTOGRAFÍA, emprega a CORRECCIÓN LÉXICA e GRAMATICAL e PRESENTA traballos escritos atendendo as normas lingüísticas e de coidada presentación. Peso: +1%	Respecta a ortografía básica coma erros na escritura de letras, acentuación gráfica e emprego dos signos de puntuación. Emprega un vocabulario axeitado, con concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual. Presenta traballos escritos coidando a caligrafía, pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras.	X	X	X	P: Observación sistemática. I: Rúbrica.

5. Metodoloxía

A metodoloxía utilizada nesta materia basease principalmente na aprendizaxe por proxectos e na resolución de exercicios e problemas, normalmente acompañadas de algunhas sesións baseadas no método expositivo. Estas metodoloxías aplícanse adecuadamente en función da unidade didáctica, e perseguen os principios metodolóxicos de construción do coñecemento, cooperación e socialización, tan importante no mundo real, permitindo una aprendizaxe significativa para todo o alumnado grazas a atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe e atención á diversidade.

Polo tanto, no desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento dos exercicios, actividades e tarefas individuais.
- Traballo en equipo, sempre cando sexa posible e velando polo cumprimento das medidas sanitarias. Neste caso utilizaranse estruturas da aprendizaxe cooperativa/colaborativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Prácticas de simulación, favorecendo a práctica, montaxe e comprensión do funcionamento de diferentes sistemas mediante a práctica simulada de situacións e elementos reais.
- Traballo por proxectos, a partir da elaboración de sinxelos prototipos.
- Posta en común en gran grupo a través de presentacións. Conta con realimentación por parte do resto de compañeiros e do profesorado.

6. Materiais e recursos didácticos

6.1. *Materiais e recursos principais*

A partir deste curso todas as materias impartidos polo Departamento de Tecnoloxía forman parte do plan Edixgal, polo que este será o recurso principal para as materias de **Tecnoloxía e Programación**. Os materiais principais cos que se traballará son os propios ofrecidos pola plataforma así como materiais de elaboración propia e/ou de libre uso dispoñibles na rede, que se porán a disposición do alumnado a través da plataforma virtual. Tamén se ofrece unha versión en papel, cun custo asumido polas familias. Desta maneira a materia impártese cun custo moi baixo á vez que incídese no desenvolvemento da competencia dixital. Así mesmo contase cunha biblioteca de libros de texto e temáticos sobre Tecnoloxía.

Para a materia de **Tecnoloxía de 4º** contarase tamén co apoio dun libro de texto **Tecnoloxía de 4º da ESO, da serie Innova da editorial Anaya**. O aumento da dificultade dos novos contidos que supón a materia considera este apoio unha guía de axuda ao alumnado durante a marcha das unidades. O departamento conta con varios exemplares. Ademais, acompañarase as explicacións con material gráfico, xa ben sexa vídeos, aplicacións ou presentacións dinámicas, que deixará a disposición do alumnado na aula virtual. Tamén proporcionará material extra sempre que sexa necesario, como diferentes lecturas de actualidade tecnolóxica, colaborando co plan lector do centro ou planificación de prácticas no ordenador ou no taller, sempre que sexa posible.

6.2. *Outros recursos*

O espazo

A materia de Tecnoloxía e Programación impártese na Aula-Taller. Os recursos básicos cos que se contan nesta Aula son encerado branco e tradicional de ziz, unha pantalla dixital interactiva, un canón, conexión wifi, un ordenador portátil para o profesor/a e os equipos abalar do alumnado, mesas de traballo, ferramental, material funxible e de diversas temáticas e unha zona de almacenaxe para os proxectos.

Tempo

Tendo en consideración que as clases teñen unha duración de 50 minutos, a organización do tempo na aula debe de estruturarse de forma diferente en función das actividades que se pretendan levar a cabo debendo ser flexible adaptándose as diferentes circunstancias que poidan ocorrer.

En canto a secuenciación do traballo na aula, de forma xeral, comezarase con actividades iniciais ou de motivación, seguidas de actividades de desenvolvemento baseadas nas explicacións docentes e traballo do alumnado. A continuación, as actividades de consolidación permitirán reforzar os contidos traballados. En previsión dos dispares rendementos do alumnado, serán previstas actividades de reforzo e de ampliación, para alumnado con dificultades ou de altas capacidades respectivamente. Finalmente,

determinarase o grado de consecución dos elementos curriculares a través de actividades de avaliación.

Agrupamento

En función das actividades a realizar o alumnado poderá estar agrupado en parella, en pequenos grupos (3-4 persoas) ou en gran grupo (5-6 persoas). Ademais, en determinados momentos, será necesario un traballo individual do alumnado que axude a comprensión e reflexión dos contidos traballados.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

7.1. *Criterios de avaliación*

Para levar a cabo esta avaliación empréganse diferentes instrumentos de avaliación, tal coma se indica no apartado 4 deste documento. De entre estes instrumentos, as probas poderán combinar diferentes formatos:

- Preguntas de resposta pechada, baixo o formato de elección múltiple, nas que só unha opción é correcta e as restantes considéranse erróneas.
- Preguntas de resposta semiconstruída, que inclúen varias preguntas de resposta pechada dicotómicas ou solicitan ao alumnado que complete frases ou que relacione diferentes termos ou elementos.
- Preguntas de resposta construída que esixen o desenvolvemento de procedementos e a obtención de resultados. Este tipo de cuestións contempla a necesidade de alcanzar un resultado único, aínda que podería expresarse de distintas formas e describirse diferentes camiños para chegar ao mesmo. Tanto o procedemento como o resultado han de ser valorados, para o que hai que establecer diferentes niveis de execución na resposta en función do grao de desenvolvemento competencial evidenciado.
- Preguntas de resposta aberta que admiten respostas diversas, as cales, aínda sendo correctas, poden diferir duns alumnos a outros.
- Preguntas de carácter teórico-práctico ou de aplicación á vida real, onde o alumnado terá que facer uso do aprendido para aplicarlas a situacións reais.
- Preguntas de carácter práctico, exercicios ou problemas.

7.2. *Criterios de cualificación*

O alumnado das materias de **Tecnoloxía de 2º e 4º ESO** será avaliado de acordo cos seguintes indicadores:

- **Apartado 1.** Ponderará coma **10%** da nota en cada avaliación:
 - Participación na aula.

- Realización das tarefas da aula.
- Realización das actividades de fóra da aula en prazo.
- Respecto polas normas de uso da aula-taller de Tecnoloxía.
- Traballo en equipo
- Utilización adecuada do equipamento informático e o software

■ **Apartado 2.** Pesará o **60%** da nota en cada avaliación:

- Probas sobre os contidos impartidos realizadas por escrito e/ou en liña, compostos por diferentes tipos de actividades descritas no apartado anterior e relativas os estándares indicados no apartado 4.

■ **Apartado 3.** Pesará o **30%** da nota en cada avaliación:

- Tarefas sobre os contidos impartidos realizadas por escrito e/ou en liña.
- Traballos e exposicións orais.
- Proxectos e prácticas.
- Resolución de problemas.

Cómpre indicar que para a materia de **Programación** o peso dos diferentes apartados sofre unha inversión dada a alta porcentaxe de estándares de carácter sumamente práctico en ambas materias. Desta forma, o reparto porcentual quedaría definido da seguinte forma:

- **10% apartado 1**
- **60% apartado 2**
- **30% apartado 3**

Asemade, inclúese o criterio de avaliación referido a corrección lingüística (indicado como estándar de aprendizaxe no apartado 4 deste documento) presente en tódalas materias ao longo do curso tal e como foi aprobado no PLC do centro no curso 2019/20 e que será avaliado sempre de forma positiva.

De forma xeral en todas as materias do Departamento de Tecnoloxía terase en conta os seguintes puntos:

- **Nota global:** A nota global calcularase a partir das notas obtidas nos tres apartados por media ponderada.
- **Falta de asistencia:** Se un alumno/a falta a un exame, esixiráselle unha xustificación oficial para repetir a proba. Esta realizarase o día da incorporación do alumado á aula o data acordada próxima a incorporación.
- **Copiar:** Toda proba poderá suspenderse (cunha cualificación de 0 puntos), se hai constancia de que o/a alumno/a copiou, permitiu que outros/as copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados mediante procedementos deshonestos. A profesora tamén se reserva o dereito de rexeitar unha proba que presenta unha caligrafía ilexible, quedando neste caso ó seu criterio a repetición da proba ou a realización dunha proba oral.
- **Entregas fóra de prazo:** No caso de que un alumno/a entregue fora de prazo un traballo, terá unha puntuación máxima de 5 sempre e cando a entrega sexa dentro dun período de gracia. Superada esa data, considerarase o traballo non entregado e a súa puntuación será de 0.

- **Traballo en grupo:** Cando se traballe en grupo, os/as integrantes deberán colaborar activamente no desenrolo das actividades. Se algún dos membros non participa minimamente no seu desenvolvemento terá unha nota inferior á do seu compañeiro/a.
- **Probas trimestrais:** As probas realizaranse ao remate de cada tema ou unidade, cun mínimo dunha proba por trimestre nas datas acordadas co alumnado.

En cada avaliación

- A avaliación considérase aprobada se a media ponderada é de **5,000** como mínimo, aplicando o método de redondeo.
- Dentro de cada un dos apartados farase media entre as diferentes notas.
- O peso de cada nota individual nos diferentes apartados gardará relación co número estándares de aprendizaxe asociados.
- A recuperación de materia suspensa terá lugar a través dunha proba sobre os contidos da mesma.

Avaliación final xuño

- A nota da avaliación final de xuño será a media ponderada das notas das tres avaliacións.

7.3. Criterios de promoción

Aterase a lexislación vixente e a concreción curricular do centro.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docentes

Un aspecto de gran importancia en todo proceso de ensinanza é a autoavaliación da propia práctica docente e do proceso de ensino, que permitirá comprobar o funcionamento da programación, valorar o proceso, detectar erros e corraxilos, enfocado dende un punto de vista construtivo e velando sempre por unha docencia de calidade. Desta forma, preséntanse a continuación uns cuestionarios de autoavaliación para cada apartado.

8.1. *Avaliación do proceso de ensino:*

Para avaliar o proceso de ensino estableceuse a seguinte escala en base a trece indicadores de logro:

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Creouse un clima de aula favorable cara á aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valórouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
13. Ofrécese unha retroalimentación axeitada ao alumnado despois da realización do seu traballo?				

8.2. Avaliación da práctica docente:

Para avaliar o proceso de ensino establececese a seguinte escala en base a dezasete indicadores de logro:

	Escala			
	1	2	3	4
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Combínase o traballo individual e en equipo.				
Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.				
Planifica as clases de maneira aberta e flexible.				
Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.				
Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller.				
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.				
Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.				

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

9.1. *Para as materias de Tecnoloxía de 2º e 3º de ESO*

O alumnado de cursos superiores que teña pendente a materia Tecnoloxía 2º e 3º de ESO deberá recuperala de acordo co seguinte procedemento:

- A recuperación das materias pendentes estará dividida en **tres convocatorias** asociadas a cada un dos trimestres, e **unha convocatoria ordinaria**.
- A avaliación consistirá na entrega de tarefas pautadas e unha proba escrita. A colección de exercicios ou tarefa será entregada na primeira quincena de inicio de trimestre e cunha periodicidade quincenal, na que se programan titorías ou reunións para a resolución de dúbidas e entrega dos exercicios. Debido as medidas extraordinarias deste curso poderán ser na propia aula ou a través da aula virtual e correo electrónico.
- As probas trimestrais realizaranse en novembro, febreiro e abril. A colección de exercicios será entregada sempre antes da realización da proba escrita.
- A valoración de cada avaliación das materias pendentes será 40% colección de exercicios e 60% proba escrita.
- A convocatoria ordinaria (maio) contará dunha única proba escrita para aquel alumnado que teña a lo menos dúas partes da materia suspensa. Neste caso, examínase das partes non superadas.

9.2. *Para a materia de Programación de 2º ESO*

Tamén contarán con tres coleccións de exercicios de carácter trimestrais que deberán entregar dentro do prazo establecido para a súa corrección. En cada unha das convocatorias deberá presentarse a unha proba escrita aquel alumnado que:

- Non entregara a colección de exercicios.
- Entregara a colección de exercicios pero non obtivera unha avaliación positiva.
- Entregara a colección de exercicios e obtendo unha avaliación positiva desexa subir nota.

9.3. *Outras consideracións xerais*

O seguimento do alumnado que debe recuperar materias pendentes se realizará a través de titorías de apoio que terán lugar na propia aula, á demanda do alumnado e como mínimo unha vez cada quince días.

Por ser fin de etapa, as materia de Tecnoloxía e TIC de 4º ESO non poden quedar pendentes para o curso seguinte.

10. Deseño da avaliación inicial

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da

aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Constará dunha serie de probas sinxelas escritas e exercicios sobre os contidos a tratar durante o curso académico. As probas realizaranse na primeira quincena de curso.

Informarase a familia dos resultados alcanzados e as medidas propostas na avaliación inicial por escrito/abalar que será remitida as familias nas datas indicadas na planificación académica.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas.
- Subministración de material de apoio na aula.
- Ampliación de tempo na realización de probas.
- Apoios en pequeno grupo.
- Tutorías durante os recreos.
- Realización de tarefas en grupo.
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

11. Concreción e Desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro

Obxectivos

Dada a transcendencia da lectura na formación do alumnado, a adquisición e consolidación do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario da acción educativa. Así mesmo, tras a revolución tecnolóxica, é necesario ampliar o concepto de lectura e non ligalo exclusivamente a un soporte concreto, senón a calquera dos novos medios. Este ano o lema do centro estará relacionado co fomento da lectura.

Por todo o anteriormente, trataranse de acadar os seguintes obxectivos:

- Fomentar o gusto pola lectura e valoralo como medio para o enriquecemento persoal no ámbito cultural.
- Procura de información de contido tecnolóxico, organizándoa e presentándoa con corrección.
- Integrar os recursos TIC no plan lector. A modo de exemplo, o emprego da lectura en pantalla para a procura de información na rede.
- Creación dunha pequena biblioteca de clase, con bibliografía específica da área de tecnoloxía.

Metodoloxía e recursos

De seguido se citan algunhas cuestións prácticas para empezar a traballar na aula. Para mellorar a comprensión lectora dos temas do libro ou apuntamentos:

- Ler detidamente os textos.

- Facer preguntas ao alumnado dirixidas á comprensión lectora para detectar deficiencias.
- Observar os seus xestos.
- Para romper o hábito que ten o alumnado de ocultar que non se comprende, intentarase crear un ambiente propicio para o debate e a comunicación bidireccional co obxectivo de que perda o medo a facer o ridículo, fomentar a preguntar as dúbidas e curiosidades animando constantemente a participar.

É seguro que dentro do grupo encontremos alumnos e alumnas con escasos coñecementos e outros que xa dominan as técnicas básicas. Procurarase estar ao día a través da lectura de artigos de prensa que presenten novidades tecnolóxicas co obxectivo de espertar a súa curiosidade e favorecendo a aplicación do aprendido ao mundo actual. Ademais, para o alumnado con máis dificultades, ou ben menos motivado, axudarémonos de bibliografía máis sinxela, con maior carga de imaxes ou esquemas. Para aquel alumnado con gusto pola lectura, facilitarémolle información bibliográfica diversa para o seu enriquecemento persoal.

En canto aos recursos, cóntase con:

- Biblioteca do centro e da aula
- Ordenadores individuais con acceso a Internet.
- Xornais e revistas de interese dixitais (principalmente) ou en papel.

Actividades

Estas son algunhas das posibles actividades para este curso. O profesorado poderá modificalas segundo a competencia lectora do alumnado e a súa evolución:

Departamento

O departamento xestionará a biblioteca de aula cos libros agasallados polas editoriais, libros mercados polo departamento, revistas de interese así coma unha colección de artigos de actualidade que irase compoñendo ao longo do curso.

Alumnado

- 1) Procura de información bibliográfica para a elaboración de traballos na aula.
- 2) Análise de xornais procurando información relacionada ca área nos apartados de tecnoloxía e sociedade. Tamén o desenvolvemento tecnolóxico no contorno do centro.
- 3) Recomendación de lecturas que teñen que ver ca materia impartida na aula.
- 4) Procura de libros e revistas de interese en librerías online e recomendación á dirección ou responsables de biblioteca da súa compra.
- 5) Lectura e exposición ao grupo-clase dos traballos bibliográficos.

Temporización

Intentarase dedicar en cada unidade didáctica un tempo para o traballo neste ámbito, á vez que se traballa a modo de tema transversal, dun modo máis intenso nos primeiros

cursos.

Avaliación

Para a avaliación deste punto, valoraranse aspectos como o cumprimento dos obxectivos e a metodoloxía, valorando o progreso observado no alumnado.

12. Medidas de atención á diversidade

12.1. Medidas de carácter xeral

Unha vez realizada a avaliación inicial e ante as dificultades individuais ou grupais detectadas poderase adecuar as agrupacións á hora do desenvolvemento dos proxectos e das prácticas en equipo, graduar o nivel de dificultade de ditas actividades e prestar unha atención máis individualizada a aqueles alumnos/as que amosen máis carencias á hora de asimilación de contidos.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular que considere oportunas para axudarlle a superar as dificultades mostradas. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos estándares de aprendizaxe mínimos para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado con altas capacidades, optarase por actividades de ampliación e investigación, que permitan adaptarse a súa demanda e ritmo de aprendizaxe.

É importante destacar o contacto permanente co Departamento de Orientación para colaborar na preparación das diversificacións e adaptacións curriculares que sexan necesarias.

12.2. Plan de reforzo para o alumnado repetidor

O alumnado repetidor terá un plan de seguimento da materia ao longo de todo o curso que consistirá principalmente nos seguintes puntos:

- Analizar as dificultades atopadas o curso anterior e facer fincapé na súa comprensión.
- Reunións periódicas co alumnado para detectar as posibles dificultades que continúen atopando no proceso de ensino aprendizaxe.
- Información periódica ao titor sobre a evolución do alumnado.
- Toma de decisións metodolóxicas para o alumnado con maiores dificultades nas reunións de Departamento e reunións cos titores.
- Actividades de reforzo, vídeos explicativos, lecturas de ampliación de coñecementos e outros recursos que permitan motivar ao alumnado e mellorar a súa implicación e comprensión.

13. Elementos transversais

Dos elementos transversais que sinala o artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño no que se establece o currículo de ESO nas materias do Departamento de Tecnoloxía grazas á utilización da metodoloxía do método de proxectos nas súas diferentes fases traballarase especialmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o emprendemento e a educación cívica.

As habilidades dixitais que debe acadar o alumnado de forma transversal en todas as materias recóllense no Plan Dixital deseñado no centro. Neste documento grádanse as diferentes habilidades dende 1º EP ata 4º ESO relacionadas con diferentes ámbitos como a xestión do equipo, escritorio, internet, macanografía, xestor de ficheiros, xestión de documentos, aulas virtuais, ofimática, correo electrónico, libros interactivos, accesorios ou sistema.

Ademais, participárase dende o Departamento na celebración nas conmemoracións recollidas no artigo [ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia](#) que son:

- *20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.*
- *25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.*
- *30 de novembro - 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.*
- *3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.*
- *10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.*
- *24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.*
- *30 de xaneiro de 2023: Día Escolar non Violencia e da Paz.*
- *23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.*
- *8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.*
- *15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.*
- *Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día de esta semana se traballará na aula con periódicos.*
- *1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas.*
- *7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.*
- *Entre o 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.*
- *2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.*
- *9 de maio de 2023: Día de Europa.*
- *Do 15 ao 19 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.*
- *5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.*

- *De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e in-tersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas a data de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas personas.*

Tamén participarase nas actividades que se organicen no centro.

14. Actividades complementarias e extraescolares

Para este curso preténdese organizar as seguintes actividades.

- Visitas a empresas da contorna.

Curso	Materia	Centro de visita	Lugar	Unidade / contido
2º ESO	Tecnoloxía	Extrugasa	Valga.	Metais
		Carpintería Local	Baiona	Madeira
4º ESO	Tecnoloxía	Ecoforest	Nigrán.	Instalacións en vivenda
		Empresa área tecnolóxica	Contorna.	Impresión 3D Deseño técnico Outros

Para todos os cursos promoverase a invitación de expertos de diferentes ámbitos da tecnoloxía tratados durante o curso para **charlas, exposicións ou seminarios** (pendente de ofertar).

Ademais solicitarase a participación nos seguintes proxectos de innovación educativa:

- Participación Plan Proxecta: “Fotografía en curso” co alumnado de 1º ESO de Proxecto Competencial.
- Participación no Plan Proxecta denominado “Proxecto terra: O patio escolar”, co alumnado de Tecnoloxía.
- Participación no Contrato-Programa Innova (CPInova) denominado EduInnova, co alumnado de Tecnoloxía.
- Participación no Proxecto Inspira STEAM, que ten coma obxectivo o fomento da vocación científico-tecnolóxica entre as nenas, baseado en accións de sensibilización e orientación. Participarase como centro co alumnado de 1º ESO.
- Participación no programa de Amtega “Tecnológ@ por un día”, para achegar ao alumnado de Tecnoloxía de 4º ESO á realidade das profesións tecnolóxicas da contorna.
- Actividades ofertadas polo Concello de Baiona. Sen disposición da oferta de actividades no momento de presentar esta programación.

15. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación da propia programación

Realizarase a avaliación da programación nos seguintes períodos de tempo:

- Mensualmente: Revisarase a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.
- Ao final de cada trimestre: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións nas actas do Departamento.
- Ao final do curso: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final do Departamento e teranse en conta para a programación do curso seguinte.

16. Propostas de mellora recollidas na memoria final do curso 2021/2022

Na memoria do curso 2021/2022 recolleuse as seguintes propostas de mellora, que tiveron en conta na planificación desta programación.

- En Tecnoloxía de 2º ESO asegurar as saídas a carpintería local e algunha outra de interese na materia. Co taller en marcha facer fincapé no traballo colaborativo e realización de pequenos proxectos grupais. Continuar iniciándose co tema TIC ao inicio do curso, especialmente no referente ao uso dos documentos de texto e email. O vindeiro curso iniciouse co uso correcto do email e aula virtual, o que foi beneficioso para gran parte do alumnado. O uso documentos compartidos tamén se traballa no primeiro trimestre e facilita o traballo o resto do curso.
- En Tecnoloxía de 3º ESO desaparece e creáse unha nova materia en 1º ESO “Tecnoloxía e Dixitalización”. Ao ser de nova creación non hai propostas de mellora.
- O curso que ven disporese de dúas impresoras 3D, a León 3D facilitada pola xunta e a Ender 5, adquirida gracias a dotación do proxecto CPIInova.

En Baiona, setembro de 2022

Asinan a presente programación os profesores do Departamento de Tecnoloxía no curso 2022/2023:

Asdo: **Jessica I. Piñeiro Di Blasi**
Xefa do Departamento de Tecnoloxía

Asdo: **M^a Isabel Martínez Cabaleiro**
*Directora do centro e
profesora do Dto de Tecnoloxía*

17. Anexo

Perfiles competenciales das materias impartidas polo Departamento de Tecnoloxía, onde amosa de forma resumida para cada materia a contribución dos diferentes estándares de aprendizaxe a adquisición das competencias clave.

17.1. Perfil competencial para Tecnoloxía de 2º de ESO

CCL	CMCCT		CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB1.1.1	TEB1.1.1	TEB4.2.1	TEB1.1.1	TEB1.1.1	TEB1.1.1	TEB1.1.1	TEB1.1.1
TEB1.2.1	TEB1.2.1	TEB4.2.2	TEB1.2.1	TEB1.2.1	TEB1.2.3	TEB1.2.2	TEB5.3.1
TEB2.3.1	TEB1.2.2	TEB4.2.3	TEB1.2.2	TEB1.2.3	TEB3.2.1	TEB1.2.3	
TEB3.1.1	TEB2.1.1	TEB4.2.4	TEB2.3.1	TEB2.1.1	TEB3.2.2	TEB3.2.2	
TEB4.1.1	TEB2.2.1	TEB4.2.5	TEB4.1.1	TEB2.2.1		TEB4.2.5	
TEB4.2.1	TEB2.3.1	TEB4.3.1	TEB4.2.4	TEB2.3.1		TEB4.3.1	
TEB4.2.3	TEB3.1.1	TEB4.3.2	TEB4.3.2	TEB3.1.2		TEB4.3.2	
TEB5.2.3	TEB3.1.2	TEB5.1.1	TEB5.1.1	TEB3.2.1		TEB5.2.3	
	TEB3.2.1	TEB5.2.1	TEB5.2.1	TEB3.2.2		TEB5.3.1	
	TEB3.2.2	TEB5.2.2	TEB5.2.2	TEB4.1.2			
	TEB4.1.1	TEB5.2.3	TEB5.2.3	TEB4.2.5			
	TEB4.1.2	TEB5.3.1	TEB5.3.1	TEB4.3.1			
				TEB4.3.2			
				TEB5.2.3			
				TEB5.3.1			

17.2. Perfil competencial para Tecnoloxía de 4º de ESO

CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
TEB1.1.1	TEB1.1.1	TEB1.1.1	TEB1.2.1	TEB1.2.2	TEB1.2.1	TEB6.1.1
TEB1.1.2	TEB1.1.2	TEB1.1.2	TEB1.3.1	TEB2.2.2	TEB1.3.1	TEB6.2.1
TEB2.1.2	TEB1.3.1	TEB1.2.1	TEB1.4.1	TEB2.4.1	TEB2.2.2	TEB6.3.1
TEB3.1.1	TEB1.4.1	TEB1.2.2	TEB2.1.1	TEB6.1.1	TEB2.3.1	TEB6.3.2
TEB3.1.2	TEB2.1.1	TEB1.3.1	TEB2.3.1	TEB6.2.1	TEB2.4.1	
TEB4.1.1	TEB2.1.2	TEB1.4.1	TEB2.4.1	TEB6.3.1	TEB3.2.1	
TEB5.1.1	TEB2.2.2	TEB2.2.2	TEB3.2.1	TEB6.3.2	TEB3.4.2	
TEB5.2.1	TEB2.3.1	TEB3.2.1	TEB3.4.2		TEB3.5.1	
TEB6.3.1	TEB3.1.1	TEB4.3.1	TEB3.5.1		TEB4.3.1	
TEB6.3.2	TEB3.1.2	TEB6.3.1	TEB4.1.2		TEB5.3.1	
	TEB3.2.1	TEB6.3.2	TEB4.2.1			
	TEB3.3.1		TEB4.3.1			
	TEB3.4.1		TEB5.3.1			
	TEB3.4.2		TEB6.1.1			
	TEB3.5.1		TEB6.2.1			
	TEB4.1.1		TEB6.3.1			
	TEB4.1.2		TEB6.3.2			
	TEB4.2.1					
	TEB4.3.1					
	TEB5.1.1					
	TEB5.2.1					
	TEB5.3.1					
	TEB6.1.1					
	TEB6.2.1					
	TEB6.3.1					
	TEB6.3.2					

17.3. Perfil competencial para Programación de 2º de ESO

CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
PROB2.1.1	PROB1.1.1	PROB1.1.1	PROB1.1.1	PROB3.1.1	PROB1.1.1	PROB3.1.1
PROB2.4.1	PROB1.2.1	PROB1.2.1	PROB2.1.3	PROB3.1.3	PROB1.2.1	PROB3.1.3
PROB3.1.1	PROB1.2.2	PROB1.2.2	PROB2.2.1	PROB3.2.1	PROB2.1.3	PROB3.2.1
PROB3.1.2	PROB1.3.1	PROB1.3.1	PROB2.3.1		PROB2.2.1	
PROB3.1.3	PROB2.1.1	PROB2.1.1	PROB2.4.2		PROB2.3.1	
PROB3.2.1	PROB2.1.2	PROB2.1.2	PROB2.5.1		PROB2.3.2	
	PROB2.1.3	PROB2.1.3	PROB3.1.3		PROB2.4.2	
	PROB2.2.1	PROB2.2.1	PROB3.2.1		PROB2.5.1	
	PROB2.3.1	PROB2.3.1			PROB3.1.3	
	PROB2.3.2	PROB2.3.2			PROB3.2.1	
	PROB2.4.1	PROB2.4.1				
	PROB2.4.2	PROB2.4.2				
	PROB2.5.1	PROB2.5.1				
	PROB2.6.1	PROB2.6.1				
	PROB2.6.2	PROB2.6.2				
	PROB3.1.1	PROB3.1.1				
	PROB3.1.2	PROB3.1.2				
	PROB3.1.3	PROB3.1.3				
	PROB3.2.1	PROB3.2.1				